

*Review***LORENZO-MODIA,
María Jesús (ed.)**

Newcastle upon Tyne:
Cambridge Scholars
Publishing, 2016. 223 pp.
ISBN 978-1-4438-8700-7

*Ex-sistere: Women's
Mobility in
Contemporary Irish,
Welsh and Galician
Literatures*

Lorena López López
Bangor University

Este volume editado por María Jesús Lorenzo-Modia achega aos estudos sobre emigración e á literatura de viaxes unha necesaria perspectiva de xénero ao atender en particular á experiencia das mulleres, dende unha perspectiva comparativa entre as literaturas irlandesa, galesa e galega. Este punto de intersección do que xorde *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh and Galician Literatures* convérteo nunha proposta interesante para os Estudos Galegos, sobre todo no que ten que ver co proceso de internacionalización da disciplina, xa que todos os seus artigos están en inglés.

Un dos principais obxectivos do libro é suplir a falta de atención que se lle prestou tanto á experiencia das mulleres emigrantes como á perspectiva das autoras sobre este tema. Dito interese conéctao estreitamente con outro volume xa publicado, *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega* (2014), editado por Ana Acuña e no que tamén colaboraran algunhas estudosas que atopamos aquí, como Olivia Rodríguez, María Xesús Nogueira e Manuela Palacios. De feito, ao igual que as achegas destas tres autoras en *Letras nómades*, a maioría dos artigos que integran esta obra da que nos ocupamos —coa excepción da colaboración de Xesús Fraga e as dúas que forman a sección galesa— están producidas no marco do proxecto de investigación coordinado por Manuela Palacios do mesmo título que este volume e que se centra nos casos galego e irlandés. Polo tanto, esta publicación forma parte dunha liña de investigación en expansión e significa un chanzo máis no encomiable traballo que académicas galegas desenvolven dende os estudos literarios e de xénero para establecer un diálogo entre a cultura galega e a irlandesa. Referímonos a traballos como *Palabras extremas:*

LORENZO-MODIA, María Jesús (ed.)
Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh and Galician Literatures
Lorena López López

Escritoras gallegas e irlandesas de hoy (2008), editado por Manuela Palacios e Helena González, *Writing Bonds: Irish and Galician Contemporary Women Poets* (2009), ao cargo de Laura Lojo e Manuela Palacios, ou ao volume que estas dúas editaron xunto con María Xesús Nogueira, *Creation, Publishing, and Criticism: The Advance of Women's Writing* (2010). Máis un aspecto a celebrar especialmente neste volume é que abra o diálogo tamén ao caso galés, pois aínda que as conexións culturais entre Galiza e Gales permanecen menos exploradas consideramos que este punto de encontro posúe un interesante potencial.

O motivo que une estas tres culturas en *Ex-sistere* é a fonda pegada que a emigración deixou nas súas respectivas historias e o feito de que este fenómeno vaia necesariamente ligado á súa posición periférica en relación ao estado español e ao estado británico respectivamente. Deste xeito, Lorenzo-Modia presenta os textos literarios que se discuten ao longo do libro como 'expressions of their respective peoples, in that they reflect the well-known diaspora in countries historically without a state of their own' (1). Así mesmo, as achegas que conforman esta obra evidencian a necesidade de examinar a perspectiva específica das mulleres nese contexto. No prólogo que abre o volume, Declan Kiberd, ademais doutras relevantes ideas sobre emigración, identidade e escrita, apunta que recentes estudos suxiren que as mulleres 'have often adjusted more easily and more fully to the culture of their host-people than did men' (x). Tanto Kiberd como outros artigos de *Ex-sistere* sinalan ideas importantes para entender como os roles de xénero (ou a súa subversión) poden influír na experiencia da emigración, constatando o imprescindible desta achega.

O volume resérvalle un bloque a cada unha destas tres literaturas; porén, mentres que dos casos galego e irlandés se ocupan catro artigos en cada sección, o apartado sobre literatura galesa inclúe tan só dous ensaios, o que inevitablemente fai que o equilibrio da estrutura se vexa un tanto prexudicado. A isto hai que engadir que estas dúas colaboracións, do académico Kevin Mills e a escritora Chris Kinsey, aínda ofrecendo interesantes análises, abordan casos moi específicos que, como veremos, quizais non sexan os máis representativos da emigración galesa. Así, a reducida dimensión desta sección e a falta dalgunha achega que ofrezca un enfoque máis amplo ou diverso dificulta que as lectoras acaden unha visión suficiente que lles permita entender a especificidade do caso galés, o que constitúe un dos puntos máis febles do volume.

Mais aló do eixo central que une mobilidade, muller e literatura, no volume existe unha grande variedade de enfoques e metodoloxías, que van dende a análise de textos literarios até a narración máis creativa da propia experiencia das escritoras en relación á emigración. Esta heteroxeneidade supón en boa medida unha das riquezas do libro, ofrecendo múltiples ángulos e perspectivas sobre o tema. E se ben non existe unha clara correlación entre os ensaios das distintas seccións —o que podería ter contribuído a unha maior cohesión e coherencia da obra—, as achegas sobre a literatura galega e irlandesa, na súa diversidade, conseguen debuxar unha panorámica complexa e rica ao tempo que afondan en aspectos máis específicos.

O bloque galego abre cun artigo de María López Sández, sendo o único que ofrece unha visión máis panorámica ao analizar a representación da mobilidade das mulleres (ou a falta dela) na literatura galega. Este estudo abarca dende a obra de Rosalía de Castro, a cal plasmou na imaxe das 'víuvas de vivos' as consecuencias da emigración na Galiza e nas mulleres que quedan custodiándoa, até a reinterpretación da figura de Penélope por

LORENZO-MODIA, María
Jesús (ed.)
*Ex-sistere: Women's Mobility
in Contemporary Irish, Welsh
and Galician Literatures*
Lorena López López

Xohana Torres, que subverte tamén a tradición que identifica Galicia e a paisaxe coa muller nunha representación estática desta. Pola súa banda, María Xesús Nogueira atende a un corpus variado de poetas galegas —María do Cebreiro, Chus Pato e Yolanda Castaño entre outras— e afonda nas pegadas que as súas viaxes deixaron na súa obra na forma de topónimos, ademais de analizar as múltiples referencias culturais e políticas coas que entran en diálogo a través desa toponimia foránea.

As tres seccións inclúen estudos en profundidade dalgunha obra de autoría feminina como mostra das diferentes formas de lidar co fenómeno da emigración por parte das escritoras. Olivia Rodríguez González analiza *A Veiga é como un tempo distinto* de Eva Moreda, ela mesma emigrante no Reino Unido, centrándose en como se utiliza na novela a conexión entre espazo e tempo vencellada á experiencia da emigración. O artigo de Kevin Mills sobre a novela *Gifted*, da galesa de ascendencia india Nikita Lalwani aborda o tema, non dende a perspectiva da emigración galesa, senón dende o punto de vista dunha familia india inmigrante en Cardiff, e atendendo ás relacións familiares sinala interesantes problemas de dislocación ou conflitos de identidade que viven os seus diferentes membros. Na parte irlandesa, M^a Dolores Gómez Penas e M^a Amelia Fraga Fuentes ocúpanse da obra de teatro *Tea in a China Cup* de Christina Reid, e se ben a escritora conta con outras pezas máis centradas no tema da emigración, esta en particular permítelles a Gómez e Fraga contraponer a experiencia da personaxe principal, que non emigra, e a da súa mellor amiga que marcha vivir a Londres. Nesta historia ocupan un papel central as dificultades da protagonista para construír unha identidade propia e as relacións destas dúas amigas coas súas tradicionais familias, protestante e católica respectivamente. Resulta interesante que, aínda que o eixo que artella o libro sexa a mobilidade das mulleres, algúns dos artigos do volume presten especial atención, ou mesmo teñan como principal foco, o outro polo deste fenómeno: aquelas que deciden ficar e a vivencia desa non-mobilidade en contraste á masiva emigración no contexto no que viven. Este é tamén o caso do artigo de María Jesús Lorenzo-Modia, que analiza esta non-mobilidade no caso da escritora de Irlanda do Norte Medbh McGuckian, como acto de resistencia e como 'the active defence of the land and the people, while departure can represent surrender through political or cultural expatriation' (136).

Cabe notar que algúns artigos do volume propoñen interesantes cuestións complementarias ao que se anuncia na introdución como o seu eixo central; porén, esta elasticidade con respecto ao tema pode verse como outro dos aspectos que vai en detrimento da unidade e da coherencia da publicación. A sección irlandesa, por exemplo, abre cun artigo de José Francisco Fernández sobre Honor Tracy, escritora e xornalista inglesa asentada en Dublín. Fernández discute a perspectiva imperialista na obra da autora contraponendo a imaxe que crea de Galiza e Irlanda como culturas atrasadas e a visión máis amable que ofrece de España nos seus textos. Mais, aínda que esta constitúe unha valiosa achega para entender as relacións de poder e a mirada colonial na escrita de viaxes, dificilmente contribúe a comprender mellor a experiencia das mulleres en relación á diáspora irlandesa.

As aproximacións máis persoais e literarias son, ao noso ver, algunhas das achegas máis estimulantes de *Ex-sistere*. Na sección galega esta é desenvolvida por Xesús Fraga a través da experiencia da súa avoa e da súa nai emigradas en Londres. Manuela Palacios traballa con fotografías e textos escritos por varias autoras irlandesas sobre mulleres emigrantes da súa familia, dun xeito similar ao traballo que realizara sobre o caso galego para *Letras*

LORENZO-MODIA, María
Jesús (ed.)
*Ex-sistere: Women's Mobility
in Contemporary Irish, Welsh
and Galician Literatures*
Lorena López López

nómades. A combinación entre testemuños e análise crítica fai deste artigo unha das achegas máis ricas, pola variedade de voces que inclúe e pola combinación de enfoques. Por outro lado, a galesa Chris Kinsey conta a experiencia de varias mudanzas ao longo da súa xuventude, incluíndo á casa dos avós paternos en Alemaña, e a súa relación co contorno natural onde vive, destacando sobre todo o pracer de poder permanecer nun lugar, 'to be able to settle and get to know a place deeply' (219).

Algunhas ideas que se repiten nestas experiencias e noutros artigos do volume son o sentimento de dislocación, as dificultades no lugar de destino e as xornadas de traballo interminables, como as da avoa de Xesús Fraga en Londres. Resulta especialmente interesante ver os procesos de reconfiguración da identidade nestas situacións de desprazamento, onde o sentimento de pertenza pode mudar ou multiplicarse. Vemos a complexidade das relacións familiares, os sentimentos de abandono, os estreitos lazos coa comunidade de orixe a pesar da distancia –e que ás veces se reproducen no novo lugar. Mais tamén aqueles casos onde as emigradas se converten en estrañas visitantes, producíndose unha certa alienación con respecto ao grupo de orixe, como lembra a escritora irlandesa Evelyn Conlon a propósito dunha das súas tías. O regreso da emigración pode significar outra experiencia difícil, como revela a da nai da autora Celia de Fréine que comenta Palacios ou, en certa medida, a da avoa e a da nai de Xesús Fraga, pois como este sinala '(w)e integrate with the clan, whose fabric protects but also at times acts like a corset: some attempts at interference will make my mother sigh on more than one occasion for her London life' (87). Esta idea da emigración como un certo espazo de liberdade aparece en máis dun artigo e mostra como esta vivencia lles permitiu en ocasións ás mulleres saír, polo menos parcialmente, das estruturas patriarcais que as relegan ao ámbito do fogar, limitando a súa mobilidade e as súas interaccións no espazo público. Este é tamén o curioso caso das tías irlandesas de Máighréad Medbh e Catherine Phil MacCarthy, as dúas monxas, cuxas viaxes como misioneiras lles permitiron unha maior mobilidade e intervención pública do que o faría o tradicional rol feminino da estaticidade doméstica.

A experiencia das mulleres na emigración e a perspectiva das escritoras sobre ela amósase neste volume como unha realidade complexa, con múltiples ángulos e capas de análise, afastada de visións idealizantes pero que garda tamén algunhas luces ao lado das sombras. Isto convérteo, sen dúbida, nunha achega interesante e realmente necesaria, pois contribúe a entender mellor non só o proceso de (re)elaboración das identidades das mulleres migrantes ou as súas vivencias, senón que tamén ofrece novas perspectivas para a comprensión das identidades colectivas e da cultura destas comunidades traspasadas pola diáspora.